

Buenos Aires, 11 de Diciembre de 1961.

10

Sr.D.
Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín fai poucos días a tua carta na que me falas do paso de Susana e Edgardo Kleinman por Compostela. Agradécemoste moito as tuas atencións. Eu xa tiña sabido pol-os seus familiares que tiñan estado contigo, que os encantaches, e que Galicia foi pra eles unha sorpresa. Son xentes novas e aínda en formación e que tiñan pensado facer en España o itinerario de Barcelona, Madrid, Andalucía, que eu fixen o posibre por trocalo pedíndolles que atravesasen Santander, Asturias, Galicia e León. Galicia fíxolles unha profunda impresión pol-o paisaxe, /as xentes que coñeceron.

Tiven noticias de Dieste que tamén me fixo gabanzas tuas, gustaríame que vos tratásedes o mais posible. A mún parésceme unha das mais outas persoalidades de Galicia e das mais púras. Eisixente consigo mesmo como casi non coñecín a ninguén da súa fecundidade intelectual, aínda que teña publicado pouco, e do seu talento, e de unha dignidade persoal que non é, entre os seus moitos méritos, dos menos recoñecibles. Sei que está agora gozoso de Rianxo e das suas xentes e que estivo moi contento entre vos.

A noticia que me envías dos estudantes sobor do idioma comenteina por radio. E unha grande noticia pol-oz significado tamén de quen es piden. Soupen do nombramento de Fole de académico numerario da galega, e leveime, como podes maxinar, unha gran alegría. E un dos meus compañeiros do meu comezo con outros benqueridos que tamén xa son académicos. Eu continúo traballando. Fixen dúas novas disposicións con éxito, unha de grabados en madeira en New York e outra de pintura aquí, e pra Editorial Losada remato de facer os grabados en madeira pra "Llanto por la muerte de Sánchez Mejías" de Lorca, e "Del diario político de Miguel de Unamuno", edicións feitas en homaxe deles co gallo de cumprirse o 25 aniversario de suas mortes.

Moitos saúdos de Maruja e meus pra Isabel e pra tí, desexándovos que fasedes unhas felices Navidades, e pra tí un abrazo de teu amigo: